


FALADOIRO

ANO VI

NÚMERO XI

LETRAS GALEGAS 1996



IRENE ESTEVEZ

ULTIMAMENTE NON CANTAN

OS PAXAROS

¿ Vivo nun mundo contaminado ?

Como ven sendo habitual, polo Día das letras Galegas, a Asociación Cultural "DANZADEIRA" de Cela, convocou un concurso de redacción, poesía e debuxo para os alumnos de educación infantil, primaria e E.X.B.

Participaron nel moitos alumnos deste C.P. de Cela.

Os gañadores de cada categoría recolleron os seus premios no Eirado do Igresario, nun acto no que "DANZADEIRA", aparte da entrega e lectura dos traballos premiados, organizou unha exposición etnográfica e bibliográfica, que tódolos asistentes puideron disfrutar.

FALADOIRO, como o ano pasado, publica no seu actual número os traballos premiados nas distintas categorías e felicita e anima ós alumnos para que sigan con esas inquiredanzas artísticas e literarias.


Este é o índice das páxinas que veñen a continuación:

PREMIOS DE DEBUXO


- 3 ANOS: SELENE GÓMEZ JORGE
- 4 ANOS: JORGE MENDUIÑA LEBRERO
- 5 ANOS: SARAI GÓMEZ JUNCAL
- 1º CURSO: PABLO OTERO DACOSTA
- 2º CURSO: VICTOR GÓMEZ GALLEGO

PREMIOS DE REDACCIÓN

- 3º CURSO: DANIEL LOIRA POUSEU
- 4º CURSO: Mª CARME GÓMEZ XURXO
- 5º CURSO: ANDREA CARBALLO CABODEVILA
- 6º CURSO: FRANCISCO PIÑEIRO FAZANES
- 7º CURSO: DAMIAN MALVIDO PENA
- 8º CURSO: RUBÉN BASTÓN MEIRA



NOSA NORABOIA A TODOS OS PARTICIPANTES





44 44

44

44

SELENE



NO WRE
2 R 1 R O




JORGE





¿VIVO NUN MUNDO CONTAMINADO?




Hay mucha contaminación, yo me largo!

¡Larguemonos!

yo me piro

¡Me muero por la contaminación!




CONTO PREMIADO COA MENCION ESPECIAL NO SEGUNDO CONCURSO DE CONTOS

ORGANIZADO POLO C.P. DE BUEU



OS PAXARIÑOS

de TAMARA ACUÑA PAZO (3 anos) COLEXIO P. 'TORRE-CELA'



Érase unha vez unha familia de páxaros que vivían moi felices no bosque.

Un día os homes cortaron moitas árbores e fixeron casas e fábricas. Co fume os paxariños non podían respirar.



Uns nenos escribiron ó periódico, e as casas e fábricas botaron menos fume e a xente prantou máis árbores.

A CONTAMINACIÓN DA TERRA

VIVIMOS NUN MUNDO CONTAMINADO

OS PAXAROS NON CANTAN.

¿ SERÁ PORQUE ESTÁN ENFADADOS?

¿ SERÁ PORQUE NON QUEREN CANTAR?

¿ SERÁ PORQUE ESTÁN TRISTES?

¿PORQUE SERÁ?

OS RÍOS, AS PRAIAS

ESTÁN CHEOS DE BASURA

QUE BOTA A XENTE CON CARA DURA

EMPORCAN TODO

E TODO O CONTAMINAN

MOITOS PAXAROS, PEIXES E ANIMAI

MORREN POR CAUSA DA SUCIEDADE.

AS MULLERES E OS HOMES

MOITO PODEN FACER

PARA CUIDAR A TERRA

E DEIXARNOS CRECER.

DANIEL LOIRA POUSEU

3º de Primaria (8 anos)

¿ VIVO NUN MUNDO CONTAMINADO ?

Sí, eu creo que todos vivimos nun mundo contaminado por moitas cousas.

O home ten que cortar árbores porque lle é necesario, pero ó mesmo tempo está quitándolle un fogar a un paxaro. O home ten que facer estradas, facer canteiras, facer encoros e así o home está causando moito dano á natureza.

Os traballadores das fábricas é necesario que traballen, pero todo o lixo vai ó mar é o fume das fábricas está saíndo todo para o ceo.

Os presidentes xa falan moito diso, pero non dan acordado que facer, e as fábricas e industrias seguen contaminando.

Os nenos e nenas son os máis importantes porque eles teñen que aprender a que se hai que facer unha estrada teñen que mirar po donde fai menos dano posible; e aprender a non contaminar e así viviremos nun mundo máis limpo.

M^a Carme Gómez Xurxo

4^o Curso

A DESAPARICION DOS PAXAROS

Os paxaros eran moitos
sempre andaban en montóns
pero cada vez hai menos
pola contaminación.

Os bosques están moi tristes
ó non ter esa canción
tan alegre e tan bonita
que lle daban os gorrións.

Os paporrubios agora
non nos cantan ese son
que nos gustaba a todos
e alegraba os corazóns.

Gustaríame pedirvos
que tedes compaixón
que cuidede-los paxaros
i non máis contaminación!


Andrea Carballo Cabodevila

5º curso

ULTIMAMENTE NON CANTAN OS PAXAROS

Hoxe en día todo o mundo está contaminado; os fumes, os automobeis, as fábricas e toda clase de cousas contaminantes son os culpables da morte de moitos seres vivos.

As persoas en vez de inventar cousas que eviten a contaminación, inventan cousas que contaminan. Hai dous anos un petroleiro (Mar Egeo) chocou contra unhas rochas da Coruña e os animais da zona aínda están sufrindo agora as consecuencias do accidente.



Os fumes provocan chuvias ácidas que destrúen toda clase de cousas. Na antigüidade os exipcios, os gregos, os romanos e outras persoas facían cousas moi fermosas e sen contaminar; mentres que nós para facer unha chavola xa temos que utilizar excavadoras, hormigoneiras, etc.

Cando fun a Madrid había tanta contaminación que por moita claridade que houbera non se miraba o sol.

Por culpa da contaminación xa hai un burato na capa de ozono que está desxeando á Antartida e se segue en aumento a raza humana desaparecerá.

Se non queres contaminar non utilices flises que contaminen, non tires vertidos ó mar e loita contra as fábricas contaminantes.

A maioría das persoas usan cousas que contaminan. Cando vaias á tenda compra cousas que poñan " protexe a capa de ozono "

Francisco Piñeiro Fazanes

6º curso

OS PAXAROS NON CANTAN COA MESMA

ALEGRIA

QUE BONITA É A PRIMAVERA
QUE BONITA ESTÁ.
COAS PRADEIRAS CHEAS DE FLORES
E OS PAXAROS A CANTAR.

O PROBLEMA DO MUNDO
É A CONTAMINACIÓN
PORQUE OS PAXAROS TAN ALEGRES
NUNCA CANTARÁN COA MESMA CANCIÓN.

A XENTE CORTA AS ÁRBORES
DESTRUEN MOITOS NIÑOS
E OS PAXAROS TAN INDEFENSOS
NON PODEN COIDAR OS SEUS POLIÑOS.

OS PAXAROS NON PODEN COMER
OS PAXAROS NON PODEN BEBER
PORQUE A XENTE CONTAMINA TODO
SEN TER POR QUE.

DAMIAN MALVIDO PENA

7º CURSO




ULTIMAMENTE NON CANTAN OS PAXAROS: ¿VIVO NUN MUNDO CONTAMINADO?

Nove da mañá, todo é perfecto, sentado na praia, en contacto coa area, co aire, co mar, coa natureza; ¿qué máis se pode pedir?

O sol sae e o seu esplendor comeza a achegarse a mín. Miro ó mar, tranquilo, sosegado, e, como as estrelas nunha noite de lúa chea, nel vaga un banco de peixes tamén tranquilos pois ningún barco hai á vista. O vento, escondido tras unhas rochas, dorme baixo a calor que xa transmite o sol. Non me decatara, pero non cantan os paxaros. Neste intre sintome frustrado; comezo a ver nese mar tan inocente, unha longa e mugrenta mancha branca, os peixes foxen e rómpese a paz. Nese ceo tan puro, comenzan a aparecer ringleiras verticais dun fume escuro, armado de malas intencións que alcanza ó astro rei e ~~réte~~ a morte; sae victorioso ese maldito fume e faise a oscuridade. Desperta o vento, que trae consigo un penetrante fedor.


Marcho para a casa triste e pensativo. Chego a casa e exclamo:

-i Que intelixentes son os paxaros que renunciaron ós brazos polas máxicas ás, ó pelo polas preciosas plumas, ás pernas polas graciosas patas, e, a unha boca contaminante, que nega selo, por un peteiro anxelical que sabe cando piar e canta-las mil maravillas e cando pecha-lo peteiro e a porta do niño á contaminación.




E. INFANTIL


4-5 ANOS



HABIA UNHA VEZ UNHA FAMILIA DE GOLFINOS QUE VIVIA NO MAR




...UN DIA CHEGARON UNS MARINEIROS E PESCARONOS. PERO OS GOLFIROS PEDIRON AXUDA O SEU AMIGO O TIBURON..




O TIBURON MOU A REDE E OS GOLFIROS SALVARON SE.





A GALIÑA FALANGUEIRA




Habia unha vez unha galiña que sempre andaba de conto en conto e de casa en casa molestando os veciños. Un día que estaba picoteando debaixo dun castiñeiro caelle un ovozo na crista.



Foi correndo hasta que encontrou o galo. E díxolle a galiña: Marche de aquí don galo que cae o coo en anacos. ¿ouen lla díxo dona galiña? Caerme onté na vixtina




Foi com o coelho a xunto o coello e discolle:
Marchede aqui don coello que o ceo cal en anacos
¿Quen lle dixo dona galinha?
causara oite na cristina.



Enton tamén lle foi decir a raposa: marchede aqui
enora raposa o ceo vai cair en anacos.
Pois eu quero morrer fardiña, e deulle
un bocado e trageu a galinha.

ESTUDIO DOS MUIÑOS DA PARROQUIA DE SANTA MARIA DE CELA

Os muiños dentro da arquitectura galega representan un papel significativo. Os máis extendidos son os muiños hidráulicos de río. Trátanse dunhas construcións de pedra que se atopan espalladas ó longo dos ríos. Ás veces están afastados da poboación. Fagamos un pequeno estudio dos muiños da nosa parroquia.



Cela ten un gran número de muiños espallados ó carón de dous pequenos ríos: O Devesa Nova e o Inferno.

Exténdense río abaixo aproveitando os desniveis. Moitos deles teñen acceso mediante pontes. Ás veces atópanse, formando un conxunto, un muiño, unha fonte e un lavadeiro.

Son poucos, ou case que ningún, ós que se lle coñece a data de construción. O que se atopa frecuentemente son gravados nas portas ou nas pedras coma cruces, debuxos de barcos, etc. Para exemplo: nun muiño vimos gravado en pedra: "JPHAANLTOAN 18"

Hai muiños que poden superar os 100-200 anos e case todos pararon de moer na década dos 60. Debido o seu abandono, hoxe están, na súa meirande parte, en ruínas.

Nos muiños hidráulicos compre destacar dous tipos:


- De rodicio: Son os máis abundantes, os máis coñecidos e tamén os máis antigos.

- De aceas, tamén chamados "Maquia": Son muiños de construción moderna pero tamén a súa forza motriz é a auga. Hoxe en día tamén están en ruínas.

Falemos dos muiños máis comúns: os de rodicio. Teñen varias partes:

- A canle que é o rego de pedra que leva a auga dende o río ata o muiño.

- O cubo que é un embalse que está empotrado na parede do muiño. Nel alma-



céase a auga que sae pola sateira para dar no rodicio e move-lo.

- O inferno que é a pranta baixa do muiño onde se atopa o rodicio, a cruceta, a tempera, etc.

- Rieiro: é o pau no que se aguanta o rodicio e que serve para erguer ou baixar o muiño.

- Rodicio que é unha roda horizontal feita de ferro, anque antigamente creese que eran de madeira. Esta roda é a que fai moverse ó muiño.

- Trimiñado que é o espacio comprendido arredor do pé onde cae a fariña. Normalmente ocupa case a pranta superior do muiño.

- Pousadeiras: Son unhas partes moi importantes do muiño. Consiste nunha pedra saínte que servía para asento ou para pousar o saco.

- Moega que é un artiluxio de madeira en forma de pirámide. Está feita para verter nela o millo ou o gran que se vai moer.

- Mó : é unha das pedras principais do muiño. É a pedra que moe. Vai colocada enriba doutra máis grande chamada pé.

- Pé que é a pedra máis grande do muiño. Vai embaixo do Mó e está fixa.

As partes máis importantes dos muiños de aceas son:

- Bruia : é a roda, vertical, na que cae a auga.

- Catalinas : fan andar a mó do muiño.

- Aleta :levan á bruia para que nela pete a auga e a faga andar.


- O resto das partes son practicamente iguais ás do rodicio.

Despois de todos estes datos, compre ver un muiño de exemplo:

O Muiño Xoán Freire

Está situado á marxe dereita do río Inferno, nunha zona próxima ó Carballal. É un muiño que leva o nome dunha persoa, posiblemente o do seu constructor ou herdeiro principal.

PLANO DO MUIÑO XOÁN FREIRE



É un muiño de rodicio e o seu estado non é nin b
.nin moi malo, é regular. Na súa porta ten uns barcos debuxados.

Para rematar, esta belida cantiga:

O muiño do meu sogro


eu ben lle sei o tempero:

se está alto, hai que baixalo;

se está baixo, hai que erguelo.

Traballo realizado por: Alejandro Cobas e Rubén Bastón.


MUIÑO



PORTA DO

MUIÑO DE

XOAN FREIRE



NOTICIARIO

-Fai cuestión de dous meses constituíuse o Consello Escolar Municipal no que se reunen representantes de tódolos centros educativos de Bueu: C.P. Beluso, C.P. Torre-Cela, C.P. Bueu "A Pedra", C.M. Virxe Milagrosa, Instituto Johan Carballeira, A.P.A.S., profesores, alumnos, o Concelleiro de Cultura e Ensino don Manuel A. Mosteiro García e o Ilmo. Sr. Alcalde don Xosé Novas.

-Dende fai tempo o Concello de Bueu tenta mercar os terreos que están á veira do colexio, en dirección SW, para a construción dunha pista polideportiva para o colexio e quizás tamén para o futuro centro socio-cultural que se leva pedindo dende fai moito tempo.

-Uns "gamberrillos", non fai moito, roubaron un aro das canastas de baloncesto. Baixaron a canasta, desatornillaron os tornillos e levárono, poñendo a canasta de novo no seu lugar.

Ultimamente algúns mestres andan moi preocupados pola reforma educativa chamada L.O.G.S.E. Non soio son deste colexio senón de máis tamén.



-Na semán do 6 ó 12 de maio os alumnos de 8º nivel de E.X.B. desplazáronse de excursión a Barcelona. Todos voltaron moi ledos. Visitaron lugares como Barcelona, Port Aventura, Now Camp, Montjuit, o Zoo e outros moitos lugares máis. Este ano como o pasado

fíxose en compañía do colexio da Rúa de Cangas.

-A Semán das Letras Galegas no colexio de Cela celébrase con varios actos:-Pintado de Murais nas paredes do muro do Colexio; baile galego a cargo do grupo local; exposición de obxectos relacionados co mar na que se puido observar coleccións de cunchas, espadas(feitas de peixe espada), fotografías de Bueu antigo, cartas mariñas, sextantes, compases, aparellos, etc. Veu moita xente a

visítala e débese agradecer a colaboración dos alumnos do colexio que aportaron os artigos e máis a algúns profesores.

O día 23 de maio a APA do colexio celebrou unha reunión coa seguinte orde do día:-Estado de contas

:-Informe sobre a E.S.O.

:-Deporte Escolar

-Nomeamento de nova directiva

-Excursións fin de curso.(Neste punto levantouse un pequeno expolio polo tema de tódolos anos :se os que non pagan a APA poden ir ou non.

-O xoves 30 de maio veu o actor Xaime Marín a facer un recital de poesías escritas por galegos ilustres. Os cursos participantes foron 6º, 7º e 8º. A maioría case se queda a durmir, entre eles algún profesor.

-O día 4 de xuño o Concello de Bueu fixo entrega duns diplomas os alumnos participantes nas Escolas Deportivas Municipais. O acto tivo lugar no Pavillón de Bueu ás 16:00 horas.

Alejandro Cobas

noticias deportivas

Coa volta do bon tempo, volta o FALADOIRO ofrecéndolles as noticias máis frescas da primaveira.

-Despois de moito tempo de loita a morte por parte da nosa ANA (Asociación de nais de alumnos/as) foi anunciada oficialmente a merca dos terreos para un futuro(próximo, esperamos), polideportivo escolar ou algo así.

-Este curso, o noso ximnástico profesor don Arsenio esmerouse nos quebracabezas das catro actividades realizadas, todas elas nos recreos. Rematadas ou a punto de facelo, como é o caso do fútbol sala feminino, estas son as clasificacións:

1.-Comenzaremos, non por discriminación, senón por ser o primeiro en comenar, polo fútbol sala masculino. Neste grupo de 10

equipos, os tres primeiros foron: RECICLADOS, BUEAS E CHIMPINEIROS.

2.-Despois; unha actividade que levantou revoo foi o balonmán feminino. Os tres primeiros foron: CHINCHES, MATONAS E CANTAMAÑANAS.

3.-Un campeonato que pasou desapercibido foi o de xadrez. O V Torneo de Xadrez xogouse na escuridade do seno da escola e os catro primeiros clasificados foron: RUBEN BASTON, DIEGO CORTIZO, AGUSTIN FERNANDEZ E PABLO CERVIÑO.

4.-O remataren o campeonato de balonmán as rapazas levantáronse en pé de guerra e pediron algo co que divertírense, e así xurdíu un campeonato de fútbol sala feminino que, aínda sen rematar, ten máis público có masculino, pola calidade das súas xogadoras. A clasificación vai así: CONEJAS, CHINCHES, DEPREDADORAS E EXPEDIENTE X.

En xeral, nas competicións como escola saldáronse con:

-Unha mala temporada dos equipos de fútbol sala (Dous infantis e dous alevíns)


- A perda do equipo alevín mixto de xadrez no zonal. Neste zonal clasificáronse as feminas infantís por incomparecencia de tódalas rivais (É que o noso equipo daba pánico), e unha aplastante victoria do infantil masculino, que quedou de primeiro imbatido.

Despois, para chegar os provinciais había que xogar contra o gañador doutra zona. As féminas perderon por 3,5 a 0,5 (a inexperiencia, claro). O masculino cun papel un pouco máis serio perdeu por un pelado 3 a 1.


No atletismo conseguíuse a clasificación para os provinciais por equipos e individualmente 8 alumnos. As mellores clasificacións acadounas: ADRIAN CARBALLO de 6º que quedou subcampeón provincial na proba de 60 m lisos con un tempo de 8"6 e NOELIA FARIÑA tamén de 6º que quedou 6ª de Pontevedra en Marcha Atlética.

E dicir, unha mala temporada. Oxalá que as cousas melloren. Dende a editorial deste singular periódico non soan máis campás e a tinta do meu "boli" remata, así que, ¡adeus! e que o pasedes ben esta fermosa primaveira.


Rubén Bastón.



PÁXINA
DE



HUMOR



Por: Pablo Gómez
Jose Miguel Campos
J.B.

LETRAS GALEGAS

1996



INSTITUTO
DE INVESTIGACIÓN E
CONSEJO

